

**MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE GAFOI, LEDOIRA E AÑÁ.  
POS 2016.**

Advertidos erros na publicación do prego–tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras provincias, procédeuse a facer as oportunas correccións:

1.- Na páxina 41, Anexo V, apartado VI Criterios de Adxudicación, apartado E) Criterios de Adxudicación de Calidade (cláusula 15), debe dicir:

**X  E) Porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)**

Valórase ata 10 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

<b>PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)</b>	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 5 puntos
<b>PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)</b>	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calculárase aplicando a seguinte fórmula: 2,5 puntos por cada 1 % de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata 5 puntos

2.- Na páxina 41, Anexo V, apartado VI Criterios de Adxudicación, apartado G) Oferta económica (cláusula 15), debe dicir:

**X  G) Oferta económica (cláusula 15)**

Valórase ata 10 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calculárase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

3.- Na páxina 42, Anexo V, apartado VII Criterios de Adxudicación, apartado C) Oferta económica (cláusula 15), debe dicir:

**V.II. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (SÓ SE PODERÁ NEGOCIAR SOBRE ASPECTOS QUE SEXAN ESTABLECIDOS COMO CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (ANEXO V.I):**

**X  C) Oferta económica (cláusula 15)**